



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, POR MEDIO DA CONSELLERÍA DE FACENDA, E O CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA PARA SUFRAGAR OS GASTOS DERIVADOS DA SÚA CONDICIÓN DE CAPITAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

MEMORIA-XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio da Consellería de Facenda, **DECLARA:**

Que esta consellería ten previsto formalizar co Concello de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre as partes asinantes do convenio para sufragar os gastos derivados da condición da cidade de Santiago de Compostela, do estatuto especial como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Á Consellería de Facenda correspóndelle o exercicio das competencias en materia de facenda atribuídas á Comunidade Autónoma galega no artigo 30 e no título IV do Estatuto de Autonomía de Galicia, de conformidade co disposto no Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda
- O Concello de Santiago de Compostela ten personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, de acordo co disposto na Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, na Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto de capitalidade da cidade de Santiago de Compostela e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia e demais normativa de aplicación.



- A Lei 4/2002, do 25 de xuño, do estatuto da capitalidade da cidade de Santiago de Compostela ven regular o estatuto especial da cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia, conforme ao previsto no artigo 89.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Á necesidade de artellar un financiamento nos orzamentos da Comunidade Autónoma en atención a que o Concello estableza unha serie de servizos derivados da súa condición de capitalidade e sede das institucións autonómicas, conforme establece o artigo 28 da Lei 4/2002, do 25 de xullo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional utilizado, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asinase esta memoria en Santiago de Compostela.

A secretaria xeral técnica e do Patrimonio

Mª del Socorro Martín Hierro